


Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.

Xaneiro 2009

NOTA DE PRENSA

En xaneiro de 2009 os prezos dos bens exportados en Galicia creceron en termos interanuais un 1% mentres que os importados diminuíron un 6,1%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 1% en xaneiro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 6,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo e bens intermedios foi do 21,5% e do 0,7% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 2%.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo aumentaron con respecto a xaneiro de 2008 un 3,6%. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 12% e os dos bens intermedios un 8,3%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xaneiro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	1,0	1,0	ÍNDICE XERAL	-6,1	-6,1
Bens de consumo	-2,0	-2,0	Bens de consumo	3,6	3,6
Bens de equipo	21,5	21,5	Bens de equipo	-12,0	-12,0
Bens intermedios	0,7	0,7	Bens intermedios	-8,3	-8,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 3,0% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE e un incremento do 0,6% para os bens con destino a OCDE. Os prezos dos bens con destino a Unión Económica e Monetaria e a UE-25 diminuíron un 1,1% e un 0,2%, respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 9,5% mentres que os procedentes do resto de países aumentaron un 2,1%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xaneiro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-1,1	-1,1	UEM	-5,2	-5,2
UE-25	-0,2	-0,2	UE-25	-8,9	-8,9
OCDE	0,6	0,6	OCDE	-9,5	-9,5
Resto de países	3,0	3,0	Resto de países	2,1	2,1

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en: <http://www.ige.eu>